



CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS

Dirección Xeral de Servizos Sociais

Edificio Administrativo: San Caetano - Bloque 2 - 2º - SANTIAGO

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS

PROCEDEMENTO RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SA628A	DOCUMENTO RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN
---	----------------------------------	-------------------------------------

DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN

NOME DA ENTIDADE: ASOCIACION DE PAIS DO CENTRO DE APOIO FAMILIAR PARA AUTISTAS/PSICÓTICOS 'A BRAÑA'		
C.I.F.: G36792463	Nº INSCRIPCIÓN: S-816	
ENDEREZO: PLACER, 5 - 3º B	LOCALIDADE: PONTEVEDRA	
PROVINCIA: PONTEVEDRA	CÓDIGO POSTAL: 36202	TELÉFONO: 226647

Visto o expediente relativo á inscrición da ASOCIACION DE PAIS DO CENTRO DE APOIO FAMILIAR PARA AUTISTAS/PSICÓTICOS 'A BRAÑA' no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

SUPOSTOS DE FEITO

Primeiro.- Pola Entidade en cuestión solicitouse o 11/05/95 a inscrición no devandito Rexistro.

Segundo.- Pola ASOCIACION DE PAIS DO CENTRO DE APOIO FAMILIAR PARA AUTISTAS/PSICÓTICOS 'A. BRAÑA' aportouse a documentación esixida no artigo 5 do Decreto 95/94, do 8 de abril.

Terceiro.- Os fins e obxectivos da ASOCIACION DE PAIS DO CENTRO DE APOIO FAMILIAR PARA AUTISTAS/PSICÓTICOS 'A. BRAÑA' están contemplados dentro dos sinalados na Lei de Servicios Sociais, segundo se desprende da documentación obrante no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Esta Dirección Xeral é competente para resolve-lo expediente en virtude do establecido no artigo 6 do Decreto 95/94, do 8 de abril.

Segundo.- Segundo o artigo 32, apartado 3, da Lei de Servicios Sociais, e o artigo 3 do Decreto 95/94, do 8 de abril, que establecen que tódalas Entidades Prestadoras de Servicios Sociais deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais, e que pola Entidade en cuestión se cumpren os devanditos requisitos.

Terceiro.- Na tramitación do expediente observáronse as normas que para o efecto establece o artigo 32, apartado 3 da Lei 4/1993, e o artigo 3º do Decreto 95/94, do 8 de abril e a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vista a Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servicios Sociais, o Decreto 95/94, do 8 de abril, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e demais normativa de carácter xeral aplicable.

RESOLVO

Primeiro.- Practica-la inscrición da ASOCIACION DE PAIS DO CENTRO DE APOIO FAMILIAR PARA AUTISTAS/PSICÓTICOS 'A BRAÑA' no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais, da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais ó cumprilos requisitos esixidos no artigo 32 da Lei de Servicios Sociais, e o artigo 10 do Decreto 95/94, do 8 de abril, asignándoselle o número S-816

Segundo.- Notifíquese ó interesado a presente Resolución que non pon fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra a mesma recurso ordinario perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, no prazo de un mes contado desde a súa notificación, conforme ó previsto no artigo 114 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (B.O.E. nº 285, do 27 de novembro de 1992).

Santiago de Compostela, a 30 de maio de 1995.

O DIRECTOR XERAL DE SERVICIOS SOCIAIS

Asdo. Manuel Aguilar López

